




Fronte o adro da igrexa atopamos un curioso cruceiro.



Esta senlleira igrexa atópase situada nun fermoso lugar na parroquia de Bidouredo, rodeada dunha contorna natural formada por castiñeiros, centenarios e carballos. Foi construída pola escola do mestre Martín na segunda metade do S. XII, no emprazamento dun antigo castro



Concello de Monterroso

Praza de Galicia, S/N, 27500
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es

ROMÁNICO EN MONTERROSO

Santiago de Bidouredo





Este fermoso templo atópase situado nun fermoso lugar na parroquia de Bidouredo, rodeado dunha contorna natural formada por castiñeiros centenarios e carballos. A igrexa foi construída pola escola do mestre Martín na segunda metade do S. XII, no emprazamento dun antigo castro. Trátase dun templo románico dunha soa nave e ábsida rectangular dedicado a Santiago o Maior. A portada principal é dos elementos máis interesantes de todo o conxunto. Obsérvanse uns peculiares casetóns na arquivolta de medio punto, dúas ordes de columnas con capiteis de decoración vexetal e tímpano alintelado sobre mochetas, así como a espadana dun so van. Os muros que a conforman son de cachotería e cadeirado de granito con cuberta de tella a dúas augas. No muro sur a construción presenta fortes perpiaños, onde se abre una saeteira con derrame cara o interior. Na cornixa atopamos canzorros de punta de proa con escasa decoración. No muro norte presenta outra saeteira e unha sinxela portada, na cal aprécianse pedras saintes sobre as que se apoiaba o pórtico primitivo.

